



ARTXOVE 2012

31 / 03 / 2012
15 / 04 / 2012

{casa da cultura // pontedeume}

O Concello de Pontedeume convoca a 17ª Mostra Artxove, destinada ó espallamento e potenciación das artes plásticas de acordo coas presentes bases:

1. Poderán participar nesta mostra tódolos artistas da Comunidade Autónoma de Galicia, naturais ou residentes. A idade dos participantes estará comprendida entre os 18 e 35 anos.

2. Poderase concorrer nas modalidades de escultura, pintura e fotografía, atendendo ás seguintes normas:

PINTURA

Poderá presentarse un máximo de un cadro convenientemente montado con marco ou listón. O formato non excederá dos 150 cm. no seu lado maior.

FOTOGRAFÍA

Poderán presentarse un máximo de dúas fotografías. Éstas virán enmarcadas (pinzas non), e o tamaño do marco non excederá os 60 cm. no seu lado maior.

ESCULTURA

Poderá presentarse un máximo dunha peza cun tamaño que, sen peana, non exceda de 100 cm. de altura.

3. As obras deberán ser orixinais, con tema e técnicas libres.

4. No dorso ou pé das pezas deberán figurar os datos do autor (nome, apelidos, enderezo e teléfono) e o título da obra.

5. O Concello de Pontedeume elaborará un catálogo. Para os efectos de elaboración, xuntarase a documentación que a seguir se indica:

- Ficha técnica da obra (título, medidas alto por ancho e técnica empregada)

- Fotografía da obra indicando a súa posición, cun tamaño de 10 x 15cm. e mínimo 150 ppp de resolución.

- No caso da modalidade de fotografía, o artista indicará cal é a que desexa que figure no catálogo.

6. As obras deberán vir acompañadas dun breve currículo do autor e fotocopia do D.N.I.

7. As obras deberán entregarse na Biblioteca Municipal de Pontedeume, Rúa Couceiro Freijomil, 5, C.P. 15600, Pontedeume (A Coruña), en horario de 16.30h a 20.30h (de luns a venres).

8. As obras poderán ser retiradas do **23 de abril ao 31 de maio**, no mesmo lugar de entrega e no mesmo horario e días indicados no apartado

7. No caso de non ser retiradas no devandeiro prazo pasarán a ser propiedade do Concello.

9. O comité organizador porá todo o coidado no traslado, manipulación e exposición das obras, pero non se responsabiliza de calquera dano ou perda producidos por causa allea á súa vontade.

10. Ante calquer imprevisto, o comité organizador está capacitado para resolver calquer atranco que impida o desenvolvemento do certame.

11. A participación nesta mostra supón a total aceptación destas bases.

DATA DE ENTREGA DAS OBRAS E DOCUMENTACIÓN:

As obras e a documentación para a elaboración do catálogo deberán ser enviadas antes do

VENRES 17 DE FEBREIRO.

Para máis información, chamar ó teléfono da Biblioteca Municipal de Pontedeume:

981 432 598 · 607 512 706

